

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000039.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo no Salón de Comisións o vindeiro **xoves día 14 de setembro de 2023, ás 13:30**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN PARA O PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL "CAUDAL FEST 2023". REF. 2023/C005/000002. ADXUDICACIÓN.

3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN TRALA ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP). 2023/C004/000025 (NÚM EXPEDIENTE PLATAFORMA TECNOLÓXICA DA CONTRATACIÓN DA FEMP: 2023/000751.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

DESENVOLVEMENTO LOCAL

4. APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NO PROXECTO HISPANIA ROMANA, AOS EFECTOS DE CONCORRER Á CONVOCATORIA DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8827169679007456431.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 14-9-2023

AXUDAS DENTRO DO PROGRAMA EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,